



DOCENTE OURENSÁN EXEMPLAR 2010:



AGUSTÍN MADARNÁS GONZÁLEZ

(Cartelle, Ourense 1929)

Catedrático de Bacharelato e Cóengo Xubilado

BIOGRAFÍA BREVE:

"Unha vida na Escola e para a Escola"

Agustín Madarnás nace en 1929 en Sanguñedo de Cartelle. Aos 5 anos é admitido na Escola polo mestre D. José Alvarez que deixou na Parroquia de Villar de Vacas unha herdanza impagable por toda a xeración.

Aos 10 anos, logo dunha Misión dos Xesuítas na parroquia, ingresa no Seminario diocesano de Ourense, onde estuda Humanidades e Filosofía. Aos 18 anos a Dirección do Seminario Maior adxudícalle unha Bolsa da Deputación Provincial para a Facultade de Teoloxía de Comiñas en Santander. (Nesa época a Deputación puña a disposición do Seminario tres bolsas: unha para cada unha das tres Universidades da Igrexa:

- a.- En Salamanca estudaba D. Celso Pérez Carneiro.
- b.- Na Universidade Gregoriana de Roma facíao D. Emilio Losada Castiñeiras.
- c.- En Comillas, D. Agustín.



TÍTULOS ACADÉMICOS:

Licenciado en Teoloxía pola Universidade de Comillas.
Licenciado en Historia pola UNED (Universidade Nacional de Educación a Distancia).
Diplomado en Catequética pola CENIEC (da Conferencia Episcopal Española)

ACTIVIDADES DOCENTES:

Primeiro destino como profesor no Seminario Menor diocesano de Ourense durante 9 cursos como titular das materias de
LATÍN: con Catedráticos como ANTONIO ALBERTE (Universidade de Málaga) e LEOVIGILDO CASTRO R. (Bacharelato).

HISTORIA:Catedráticos: ENRIQUE BANDE (Instituto "Otero Pedrayo") e ANTONIO RODRIGUEZ COLMENERO (Santiago).

LITERATURA: CARLOS CASARES, Catedrático e Académico.

"Non Seminario, Carlos Casares, a través das clases que impartía o cóengo Agustín Madarnás, un excelente profesor de retórica e estilística que me ensinou as figuras literarias, a metáfora....a partir da imitación dous clásicos, descubriu ou pracer da lectura e da creación e a súa vocación de escritor.... Ou seu labor como escritor teñen a súa orixenestas clases e nos exercicios e redaccións que nelas elaboraban. Por este tempo toma coñecemento da existencia da literatura galega, a partir da figura de Rosalía e comeza a escribir en galego" (Sobre Carlos Casares, Guías de Lectura.. Ed. do Cumio, páx. 10).

Profesor Titular no Instituto de Bacharelato do Posío, hoxe "OTERO PEDRAYO" Desde o Curso 1959 a 1982 (23 cursos) é

Profesor Titular de RELIXIÓN no INSTITUTO "OTERO PEDRAYO".



Ademais do ensino especificamente académico da Materia nas aulas, mantén un labor de relación persoal cos alumnos que anticipa as "titorías" e que perdura en moitos casos máis aló do Instituto, tanto na relación persoal, como na familiar e de grupos que aínda hoxe se seguen reunindo.

O mesmo ocorreulle na relación cos Profesores, especialmente cos de materias máis afíns, e concretamente cos de Filosofía tanto con D. Jesús Ferro por afinidade nos seus estudos teolóxicos, como con D. Manuel Albendea con quen compartía o coñecemento de "Rosmini", tema da Tese Doutoral de Albendea e que por encargo del daba as clases correspondentes á Filosofía Escolástica.

Igualmente alternaban entre ambos os Seminarios as Conferencias que se impartían na Festa Académica de Santo Tomás de Aquino, aínda que por propia afinidade Albendea prefería falar de San Agustín no canto de facelo sobre Tomás de Aquino.

Así as relacións persoais continuaban e fortalecíanse máis aló das paredes do Centro e do tempo da actividade académica.

Catedrático de Latín por oposición, exercendo como tal desde o Curso 1982-83 ata a súa Xubilación en 1994 nos seguintes Institutos da nosa provincia:

- No Instituto de VERÍN (1982-83)
- No Instituto de CELANOVA (1983-1987).
- No INGABAD (Bacharelato a Distancia) (1987-1994).

Nos dous últimos centros simultaneou ademais a Cátedra coa pertenza ao Equipo Directivo, co cargo de Secretario dos Institutos.

Ourense, 14 de maio de 2010
Secretaría de Comunicación Anpe Ourense